



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO
E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 Fax: 981 516 045

Web: www.concellodeboimorto.es

CONCELLO DE BOIMORTO REXISTRO XERAL	
ENTRADA	SAÍDA
Núm. —	Núm. 2200

REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO:

Que a Alcaldesa con data vinteseite de outubro de dous mil dezaseis, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<

Decreto: 488 / 2016

Data decreto: 27/10/2016

Descrición decreto: Convocatoria e aprobación de bases persoal Aprol Rural 2016 peón medio ambiente.

DONA MARÍA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a resolución da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria con rexistro de entrada núm. 2408 de data 24/10/2016 pola que se concede a contratación dun traballador como peón medio ambiente dentro do servizo subvencionado “ Servizos múltiples personalizados e de utilidade colectiva”, para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural).

Visto o expediente tramitado para a convocatoria e aprobación de bases de persoal para proceder a súa selección constando informe de secretaria intervención de data 27/10/2016.


Visto o informe de data 27/10/2016 tramitado polo Encargado de servizos do Concello de Boimorto para a xustificación da contratación, estando subvencionados pola Xunta de Galicia Consellería de Economía, Emprego e Industria os custes salariais de contratación de persoal laboral temporal peón medio ambiente a xornada completa con contrato de duración determinada servizo de interese social.

En uso das facultades outorgadas a esta Alcaldía polo artigo 21.1 g) da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local en materia de persoal polo presente

RESOLVO

PRIMEIRO .- Proceder á convocatoria e aprobación das bases para a selección de persoal laboral temporal dun traballador de peón medio ambiente a xornada completa para servizo determinado de interese social vinculado á solicitude de subvención cós condicionamentos sinalados no outorgamento de subvención pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, que subvenciona os custes deste persoal (80% salariais e 68,57% seguridade social), aprobando as bases que a continuación se reproducen

BASES QUE REXIRAN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS SUBVENCIONADOS POLA XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA , POLO



SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN 1 PEÓN MEDIO AMBIENTE A XORNADA COMPLETA.

Primeira.- Obxecto da Convocatoria

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal dun peón medio ambiente, mediante concurso oposición por ser o procedemento máis axeitado e tendo en conta o establecido no artigo 12 de requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras da Orde do 14 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural).

Esta contratación será a xornada completa por modalidade contractual de contrato de servizo de duración determinada de interese social cunha duración de seis meses.

O contrato de duración determinada de interese social, rexerá polo establecido no contrato sendo as retribucións mensuais de 761,39 € ao mes estando a paga extra xa prorrateada. Ditas retribucións previstas equiparanse ao persoal que na actualidade está traballando neste concello coa mesma categoría profesional.

Segunda.- Requisitos dos/as aspirantes

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da mesma norma.

“Artigo 57 referido o acceso o emprego público de nacionais doutros Estados: nos seguintes termos:

- Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario en igualdade de condicións que os españois ós empregos públicos, con excepción de aqueles que directa ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que teñen por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas.


A tal efecto, os órganos do Goberno das Administracións públicas determinarán as agrupacións de funcionarios contempladas no artigo 76 ás que non poden acceder os nacionais doutros Estados.

- As previsións do apartado anterior serán de aplicación calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito e os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinteun anos ou maiores de dita idade dependentes.

- O acceso o emprego público como persoal funcionario, extenderase igualmente ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados po España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos no apartado 1 deste artigo.

- Os estranxeiros aos que se refiren os apartados anteriores, así como os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

Conforme o artigo 1 da Lei 17/1993, de 23 de decembro, en redacción dada pola lei 55/1999 de 29 de decembro, poderán tomar parte nas probas selectivas, ademais dos españois: 1)os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia, 2)os cónxuxes dos españois e os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia,



sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, menores de 21 anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Os aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar o cumprimento dalgún dos requisitos anteriores xuntando á solicitude fotocopia compulsada do documento de identidade ou pasaporte. As persoas incluídas no apartado a.2) deberán presentar, ademais, os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e, no seu caso, unha declaración xurada o promesa do español ou do nacional da Unión Europea, de Noruega o de Islandia co que existe este vínculo de que non está separado de dereito do seu cónxuxe, ou de que o aspirante vive as súas expensas.

As persoas que non teñan nacionalidade española que superen o proceso selectivo non poderán desempeñar postos de traballo que supoñan a participación directa ou indirecta no exercicio do poder público. A Administración será a competente para determinar cales serán ditos postos de traballo.

b) Poseer a capacidade funcional para o desempeño das tarefas . Non padecer enfermidade nin estar afectado por docencia física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. No caso de minusvalía que non impida o exercicio das súas funcións deberá xustificarse por medio de certificación da Consellería competente da Xunta de Galicia.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral , no que houbera sido separado ou inhabilitado. De ser nacional doutro Estado no atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado nos mesmos termos o acceso o emprego público.

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

Serán requisitos específicos en aplicación do disposto no artigo 56.3 da Lei 7/2007 os seguintes:

A) Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de interese social.

B) Non ter sido contratado por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2015 pola Consellería de Traballo e Benestar no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.

C) Os desempregados deberán reunir os requisitos e características para o adecuado desempeño das funcións aos que faga referencia a oferta presentada na Oficina de Emprego de Melide.

D) Requisito específico de titulación:

- Certificado escolaridade ou certificado de estudos primarios ou equivalente.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN; NON OBRIGATORIA ACREDITACIÓN COÑECEMENTO DO GALEGO

De presentar esta documentación os/as aspirantes que estean en posesión do Celga 2 ou equivalente estarán exentos da realización de proba de acreditación do coñecemento do galego.


De non acreditarse o coñecemento do galego por non presentar méritos neste apartado será obrigatoria a realización dun exercicio-entrevista na data fixada pola Comisión seleccionadora:

Exercicio de coñecemento de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba oral nun tempo máximo de dez minutos. O exercicio será cualificado de apto ou non apto.

Terceira.- Presentación de solicitudes e proceso de selección: Concurso-oposición

O Concello de Boimorto dará publicidade á convocatoria e as bases de selección por anuncios no taboleiro de edictos do Concello na páxina web, presentará unha oferta de emprego ante a Oficina de Emprego de Melide facendo referencia aos requisitos que debe reunir o/a traballador/a a contratar conforme da anterior base segunda.

O Servizo Público de Emprego realizará unha sondaxe de demandantes, tendo en conta que non poden repetir aqueles que se contratasen por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2015 pola Consellería de Traballo e Benestar no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego para a contratación de persoas traballadoras desempregadas. Aportará alomenos 2 candidatos e non mais de 10 remitindo novos candidatos se o Concello xustifica o incumprimento dos requisitos da oferta ou o rexeitamento voluntario ou incomparecencia dos remitidos, tendo en conta que terán preferencia en todo caso os colectivos sinalados no artigo 12 da Orde do 14 de xullo de 2016 no que se establecen os criterios de prioridade entre colectivos para a realización da selección dos/as traballadores/as desempregados/as que serán contratados/as a través do programa Aprox rural para o ano 2016:

- 
- A) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.
 - B) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
 - C) Persoas paradas de longa duración.
 - D) Persoas con discapacidade.
 - E) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
 - F) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
 - G) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios /as da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

A admisión de candidatos coincidirá coa selección realizada polo Servizo Público de Emprego que presentarán instancias no rexistro xeral do Concello de Boimorto para a participación neste proceso selectivo; solicitude de instancia de participación cuxo modelo se adxunta no Anexo II dirixida á Sra. Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Boimorto.

A instancia acompañarase de

.-Fotocopia do DNI.

.- O Celga 2 ou equivalente (de ser o caso). As persoas aspirantes que acrediten o coñecemento de lingua galega, con carácter previo e de maneira normativamente establecida quedarán exentas da súa realización e daráselles por superada esta proba coa cualificación de apto/a.

.- Copia do título ou declaración ou certificado de estar en condición de obtelo título esixido nas bases para a praza antes da sinatura do correspondente contrato.

.- Toda a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de participación contados na cláusula segunda destas bases.

.- A relación dos méritos que aleguen, nomeados segundo a orde establecida no apartado de méritos.

A dita relación acompañaranse os documentos xustificativos dos mesmos:

- Cursos de formación relacionados coas funcións do posto de traballo mediante copia do correspondente título ou diploma.

Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.

A documentación deberá ser fotocopia, sen ser precisa a copia cotexada; presumirase documentación auténtica, e unicamente será requerida a presentación de documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

A documentación presentada deberá ir acompañada pola solicitude que aos interesados se lles facilitará no rexistro do Concello.

Serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web as listas de admitidos e excluídos coa motivación da exclusión elevándose a definitiva a lista provisional de admitidos de non existir excluídos e de outorgando de dous días hábiles aos excluídos, no seu caso, para alegacións sendo necesaria aprobación de lista definitiva.

Trala lista provisional elevada a definitiva ou lista definitiva de admitidos a Comisión seleccionadora procederá á valoración dos méritos en concurso oposición dos/as aspirantes admitidos/as .


En ningún caso serán valorados aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

Cuarta.- Comisión Seleccionadora e actuación de valoración dos méritos aportados polos/as aspirantes no concurso oposición

Estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o Encargado de servizos do Concello de Boimorto, D. Manuel Vázquez García.

Suplente presidente: o Conductor do camión de lixo do Concello de Boimorto, D. Luis Sánchez Aguión.



-Vogais:

1º vogal: A Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto, Dª Ana Mª Vallo Camba.

Suplente 1º vogal: A Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Toques, Dª Mónica Seijas Rey

2º vogal O Encargado de obras e urbanismo do Concello de Boimorto, D. Luis González Guerra.

Suplente 2º vogal: A Técnica en intervención familiar- psicóloga do Concello de Boimorto, Dª Mª Teresa Gómez Cea.

Secretaria: a do Concello ou funcionario/a que legalmente a substitúa.

A Comisión non poderá constituírse sen a asistencia de polo menos tres membros sendo preciso, en todo caso, a asistencia do Presidente e do Secretario.

A Comisión seleccionadora poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de asesores/as especialistas para as valoracións que estime pertinentes. Estes asesores/as deberán limitarse a colaborar nas súas especialidades técnicas e terán voz, pero non voto.

A cualificación dos méritos para o concurso oposición realizarase pola Comisión seleccionadora, axustándose aos criterios que establece o Anexo I destas Bases , que publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a relación de aspirantes presentados/as coa puntuación obtida. Tras a valoración da Comisión esta elevará ao Alcalde-Presidente a correspondente proposta de contratación a favor do/a candidato/a que obtivera a maior puntuación total .

En caso de empate aplicaranse os seguintes criterios recollidos na Orde do 14/07/2016 publicada no DOG núm. 144 de data 01/08/2016 pola que se establecen os criterios de prioridade entre colectivos para a realización da selección dos/as traballadores/as desempregados/as que serán contratados/as a través do programa Aprol rural para o ano 2016, dando preferencia

- A) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.
- B) Menores de 30 anos en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- C) Persoas paradas de longa duración.
- D) Persoas con discapacidade.
- E) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tiveran dereito.
- F) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- G) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios /as da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

Se algún dos/as candidatos/as inicialmente proposto renunciase á contratación ou non puidese acredita-los requisitos necesarios, a proposta de contratación da Comisión Seleccionadora sería a favor dos seguintes con maior puntuación total , permitíndose a creación de bolsa por decreto da Alcaldía para a cobertura de posibles vacantes , sempre que

os aspirantes obtivesen alomenos 5 puntos como requisito para formar parte de dita bolsa de emprego que queda sen efectos unha vez xustificada a subvención do Programa Aprod rural.

O sistema que se seguirá na bolsa de contratación é o seguinte:

- Terá vixencia mentres dure o programa obxecto da presente convocatoria.
- As persoas integrantes da bolsa de traballo non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que, se son nomeados para substituír a/ao titular, rematada a substitución, retornará ao posto que lle correspondía na lista.

- O chamamento farase polo medio máis urxente que permita ter constancia da súa recepción, previamente e cando exista a constancia firme da necesidade de cobertura do posto de traballo (parte de baixa, solicitude de vacacións...), emitirse un informe de existencia de crédito do servizo de intervención municipal e resolución de alcaldía acordando o nomeamento do/a candidato/a que se atope no primeiro lugar da lista.

- Unha vez feito o chamamento o aspirante contará cun prazo de dous días hábiles para

contestar e aceptar, debendo presentar nese prazo unha declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme, así como, certificado de nº de conta bancaria (IBAN), e informe médico.

- O nomeamento do substituto será competencia do alcalde.

O substituto deberá incorporarse o seu posto de traballo no prazo máximo de dous días hábiles, dende que contestou e aceptou o chamamento.

- En caso de renunciar ou non contestar ao chamamento, no prazo de dous días hábiles, procederase a contactar, do mesmo xeito, co seguinte da lista de reserva.

- En calquera momento os aspirantes poderán pedir a exclusión da bolsa/lista de emprego.

- O efectivo funcionamento da bolsa de traballo estará supeditado á normativa vixente en cada momento.

Quinta.- Formalización e duración do contrato

O contrato formalizarase a requirimento da Administración acreditando a presentación polo aspirante de:

A) Certificado médico oficial, acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer-la función propia a desenrolar.

B) Declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal da/s Administracións Públicas, e non ter sido separado do servizo público.


A duración para o posto de peón medio ambiente é de seis meses dende a data de formalización do contrato.

Sexta.- Incidencias

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten e adopta-los acordos necesarios para o bo funcionamento do concurso oposición en todo o non previsto nestas Bases.

Sétima.- Dereito supletorio

No non previsto nestas bases acudirase ao disposto no sinalado no TREBEP; na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; na Lei 7/1985, do 2 de abril,



reguladora das bases de réxime local; no Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos ós que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; no Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de persoal ó servizo da comunidade autónoma de Galicia e demais lexislación concordante e de aplicación.

Oitava.- Norma final

A presente convocatoria, as súas bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados no caso e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXO I

Baremo de méritos para valorar o concurso oposición prazas de auxiliares de axuda a domicilio xornada completa

FASE DE CONCURSO

Formación (puntuación máxima 6 puntos)

Valoraranse os cursos homologados de formación e perfeccionamento seguintes recibidos relacionados coas funcións a desenvolver (non valorando seminarios, congresos, xornadas, módulos, etc que non sexan cursos):

-Cursos de prevención de riscos: 0,20 por cada 10 horas de formación en prevención de riscos ata un máximo de 2 puntos.

- Outros cursos relacionados co posto en función da duración da formación conforme á seguinte escala (ata un máximo de 4 puntos):

- Cursos ata 49 horas : 0.25 puntos.
- Cursos de 50 a 99 horas: 0.50 puntos.
- Cursos de máis de 100 horas: 1 punto

Acreditación destes méritos mediante copias dos correspondentes títulos ou diplomas.

FASE DE OPOSICIÓN

Proba práctica: Constará dunha proba práctica de carácter **obligatorio e eliminatoria**, na que haberá que realizar un exercicio práctico consistente na realización dalgunha tarefa relacionada coas funcións do posto de traballo (desbroze, manipulación de maquinaria manual, medidas de prevención de riscos laborais, etc).

Esta proba valorarase de 0-10 puntos, debendo acadar unha puntuación mínima de 5 puntos. Na motivación da puntuación terase en conta a axilidade e destreza, o nivel de coñecementos e a súa posta en práctica.

Durante a realización da proba práctica a Comisión seleccionadora poderá formular as preguntas que considere oportunas, para unha mellora valoración das capacidades do aspirante.

ANEXO II

MODELO DE INSTANCIA

D./Dña.....,con DNI número.....e domicilio a efectos de notificacións e comunicación en.....CP.....localidade..... ..telf.....

EXPON:

I.- Que ten coñecemento da convocatoria publicada e bases para a selección dun peón medio ambiente a xornada completa como persoal laboral temporal non permanente do Concello de Boimorto polos Servizo Público de Emprego.

II.- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.

Polo exposto,

SOLICITA: Ser admitido ao correspondente proceso selectivo, aportando a estes efectos a documentación que se achega.

Lugar e data

Asdo.:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade

.....

.....

.....

.....

.....

• (no caso de ser necesario continuarase ao reverso enunciando a documentación que se achegue)

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Remitase oferta de emprego á Oficina de Emprego de Melide aos efectos oportunos; tamén se fará pública no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web o anuncio indicativo deste procedemento de selección xunto coa certificación deste decreto.

O manda e asina a Sra. Alcaldesa, D^a. María Jesús Novo Gómez en Boimorto vinteseite de outubro de dous mil dezaseis do que, como secretaria asino aos unicos efectos de dar fe.

A Alcaldesa - Presidenta

Perante min, a secretaria

Asdo.- María Jesús Novo Gómez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa, en BOIMORTO, a 7 de novembro de 2016

Vº Pr.
A Alcaldesa

Asdo.- María Jesús Novo Gómez



